



CAMIÑANDO POLA COSTA DE CABANAS

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 8 km (ida e volta)
Dificultade: baixa



O litoral de Cabanas ten dúas partes de características totalmente diferentes: unha a frecha da desembocadura do Eume e a coñecida praia que se asenta nela, e a outra de cantís moi recortados de ata 20 m de altura.

Unha camiñada duns 8 km permítenos percorrelo e volver ao punto de partida nunhas 3 horas.



Ponte na desembocadura do Eume, entre Pontedeume e Cabanas, construída entre 1864 e 1870. A primeira ponte foi mandada construír en pedra na Idade Media por Fernández de Andrade e tivo 79 arcos apuntados, dúas torres e un hospital para os peregrinos.



O **río Eume** nace no Seixobranco (Serra do Xistral) e desemboca na Ría de Ares, despois de 80 km de percorrido. A parte baixa do val do Eume e algúns dos seus afluentes (Parrote, Frei Bermuz, Sesín) forman parte do Parque Natural "Fragas do Eume" creado en agosto de 1997.



Cabanas, a praia da Madalena e a ría de Ares

PERCORRIDO

Accedemos á **praia da Madalena** pola entrada que hai ao pé da ponte do Eume para deixar o coche en calquera punto da ampla zona de aparcamentos en batería que hai ao longo do parque detrás do areal. Desde aquí e en liña recta pasamos por debaixo da vía do tren e seguimos ata a estrada nela imos un pouco á esquerda para cruzala e seguir de fronte para pasar por debaixo da vía de acceso á autoestrada e saír ao pé dos pantaláns. Agora xa sempre pola beira chegamos ao arranque da ponte, cruzamos a estrada, e polo paseo achegámonos ao **Estreito** para pasar por debaixo da ponte do tren e entrar na praia. Despois de percorrer o seu quilómetro de lonxitude atopamos, no remate, unha escaleira que nos permite subir ao alto do cantil por onde hai un carreiro que vai seguindo a liña da costa e desde o que imos entrevedo polo medio dos loureiros e os carballos que manteñen no seu lugar a liña das cortadas, e a vista de paxaro, os diferentes recantos (a algúns é posible baixar, pero non doado) ata que chegamos á **punta da Illa** desde a que temos panorámicas da praia da Madalena e da Ría. De volta no carreiro logo atopamos as escaleiras polas que se baixa á **praia de Chamoso**, recollida no cantil e protexida polas rochas puídas que aínda resisten a acción erosiva do mar; na subida chegamos a unha estradiña pola que uns metros adiante atopamos, por debaixo do peche da primeira parcela, un carreiriño que nos permite continuar camiñando preto da liña da costa ata chegar a un punto onde no lo impide un peche, pero camiñando preto del chegamos ao camiño que lle da servizo a esas parcelas e por el subimos á estrada. Na estrada collemos á esquerda para baixarmos ata o río, que é o límite do concello. Antes de cruzalo temos un carreiro polo que podemos achegarnos aos **restos do muíño de marea** e a beira do mar. Para volver o mellor e coller a estradiña que sae enfronte do carreiro polo que nos achegamos ao muíño e seguila, aínda non 1 km, ata a estrada que vai a Ares e Mugardos, alí collemos á dereita para camiñar uns 100 m e coller un desvío á dereita por un camiño en baixada, co piso de cemento, que nuns 400 m nos devolve á praia da Madalena, desde onde camiñando polo piñeiral, volvemos ao aparcamento.



Esteiro do Eume



Vista de Cabanas co esteiro do Eume e o Areal



Praia de Cabanas ou da Madalena, de 1.400 m de lonxitude. Está asentada sobre a frecha que pecha parcialmente o esteiro do Eume. Na trasduna hai un piñeiral entre que se atopan numerosas sobreiras, algunhas xa vellas e outras plantadas hai poucos anos.



Praia da Madalena



O Covo



Punta da Illa





Punta da Illa



Carballo na punta da Illa



Cantis despois da praia de Chamoso



Praia de Chamoso



A costa entre a desembocadura do rego do Castro e a praia da Madalena é unha sucesión de cantís e pequenos entrantes nos que se forman praias coa marea baixa. As rochas son metamórficas e aparecen moi pregadas e erosionadas.





Praia do río Castro



Rego de Laraxe ou do Castro.



Restos do muíño de marea na desembocadura do río Castro, no linde con Fene.



Ría de Ares, entre a costa de Cabanas e Pontedeume.

RÍA DE ARES. É a ría do Golfo Ártabro formada polo río máis longo e caudaloso da zona, o Eume, que baixa desde a serra do Xistral. O fondo, entre o final das Fragas do Eume e a frecha de Cabanas está ocupado por sedimentos entre os que o río forma amplos meandros. Desde Cabanas ata a punta de Camouco é relativamente estreita e logo ábrese entre a enseada de Ares e a punta da Cruz, no norte, e Ber no sur, para xuntarse e compartir a boca coa de Betanzos. As rochas dominantes son os xistos e nas puntas, pedra de gran.